



Programamos a nosa visita para o día 10 de novembro porque entre os días 5 e 15 dese mes había unha exposición de cómics e dunha banda deseñada gañadora do premio Castelao 2009: "Sen mirar atrás" de Dani Montero. Trataba un tema de relevancia nos contidos transversais do currículo: a importancia que a nosa sociedade lle dá ó aspecto externo (xeito de vestir ou de levar o cabelo, por exemplo).

Ese día, a bibliotecaria entregoulles os carnés a quen os solicitara desde a biblioteca do noso IES e un marcapáxinas con información sobre enderezos para consultar o catálogo da biblioteca municipal. Tamén tiveron tempo de se entreter cos cómics e con outros materiais diversos (tal e como se aprecia nas fotografías):



Banda deseñada

Rex. 4695 e 4726  
Na nosa biblioteca  
821-MON-sen

“Sen mirar atrás”, Daniel MONTERO

